UN PROXECTO FORA DE TEMPO E LUGAR

INCINERACIÓN DE PNEUMÁTICOS E FARIÑAS EN OURAL

Daniel López Vispo

DESDE HAI MESES E A RAÍZ DUNHA CHARLA NA QUE PARTICIPOU ADEGA, OS VECIÑOS DO OURAL E SINDICATOS DA FÁBRICA DE CEMENTO VÉÑENSE REUNINDO E MANIFESTANDO PARA EXIXIR DA EMPRESA, DE MEIO AMBIENTE E MÁIS DO CONCELLO DE SÁRRIA A PARALIZACIÓN DO PROXECTO DE QUEIMAR PNEUMÁTICOS E FARIÑAS NOS FORNOS DA FÁBRICA. O PROXECTO PROPONSE NESTE MOMENTO QUEIMAR UNHAS 4500 T/ANO DE PNEUMÁTICOS, PERO QUE MAÑÁN PODERIA QUEIMAR FARIÑAS OU CALQUER OUTRO RESÍDUO. TRÁTASE DUN PROBLEMA DE SALUBRIDADE QUE NOS AFECTA A TODOS E A TODAS, MOITO MÁIS ALÓ DA VECIÑANZA OU DA RELACIÓN LABORAL QUE POIDERAMOS TER COA FÁBRICA DO OURAL.

AS RAZÓNS DOS VECIÑOS, DOS SINDICATOS E DE ADEGA: A SAÚDE POR RIBA DE TODO

A saúde é para os veciños a primeira das razóns: a incineración, -sexan de pneumáticos, fariñas, aceites, pinturas, ou calquer outro resíduo-, non pode ser nunca a alternativa ambiental e sanitariamente máis aceptábel, pois iso sinifica incrementar os níveis de contaminación atmosférica cunhas emisións de fumes e cinzas extremadamente tóxicas. O mesmo estudo de efectos ambientais presentado pola Empresa recoñece que na queima de pneumáticos (ademáis de CO, CO_2, SO_2 ou NOx) producense óxidos de metais pesados, dioxinas, furanos e outros compostos orgánicos persistentes resultantes da combustión incompleta.

En primeiro lugar, aínda que as altas temperaturas podan destruir as dioxinas, está demostrado que estas se resintetizan a medida que os gases se van enfriando ao longo da chiminea. Por outra banda, os filtros son pouco eficaces na retención destas cantidades tan ínfimas de partículas, como o demostra a recente paralización dun dos fornos da incineradora de Valdemingomez por emisión de dioxinas por encima do límite legal. Por último, ha de terse en conta que dioxinas e furanos son moi persistentes no meio e que, pola sua liposolubilidade, vanse acumulando nos tecidos grasos ao longo da cadea alimentaria.

A Directiva 2000/76, aprobada en decembro pasado, sobre a incineración de resíduos exixe cumprir as seguintes condicións:

a) unha temperatura de combustión por riba dos 850 ºC, cunha atmósfera homoxénea excedente en Oxíxeno,
b) un controle automático da temperatura no forno de combustión e da alimentación de resíduos de forma que se interrumpa a alimentación de pneumáticos e se encendan uns queimadores auxiliares cando a temperatura baixa dos 850 ºC,
c) unha análise semestral das emisións de metais pesados, dioxinas e furanos cun límite de emisións máximo para uns e outros, que no caso das dioxinas non poderán sobrepasar os 0,1 ng TEQ/m^3 (0,1 nanogramos de equivalentes tóxicos por metro cúbico de fumes).

Ante isto, debera de resultar escandaloso que a declaración de efectos ambientais aprobada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, pasando por alto as alegacións presentadas e desouvíndo as recomendacións do mesmo Centro de Información e Tecnoloxia Ambiental da propria Xunta, ignore por completo a existéncia desta Directiva Europea que no momento da exposición pública do proxecto estaba xa en tramitación.

Nada disto se lle exixe na declaración de efectos ambientais e con nada disto cumple a fábrica do Oural: o intercambiador de calor onde se van a queimar os pneumáticos non garante esas temperaturas de 850 ºC e os fumes da combustión (procedentes do forno do clinquer) van arrefriándose lentamente ao longo dos ciclóns e dos muíños de caliza e pizarra antes de pasar aos electrofiltros da chiminea de emisión.

Ou sexa unha incineración absolutamente fora de lugar, nunha fábrica sen control algun sobre as condicións de combustión e sen medidas de depuración engadidas. Non é esta cementeira a instalación máis apropiada para queimar pneumáticos usados. Non faltan, polo tanto, razóns aos veciños e traballadores para sentírense preocupados pola sua saúde.

AS RAZÓNS DA EMPRESA E DA CONSELLERIA DE MEIO AMBIENTE

En Galiza, segundo o borrador do Plan Galego de Resíduos Industriais, prodúcense unhas 16.000 t/ano de pneumáticos usados. Entre os moitos resíduos que xenera o noso prolífico parque móbil, os pneumáticos usados non son os menos problemáticos, polo seu seu elevado volume e a sua difícil manipulación nos vertedoiros controlados, a sua combustibilidade e os fumes gravemente tóxicos (óxidos de xofre e de nitróxeno, metais pesados, hidrocarburos de cadea lineal e aromáticos, dioxinas e furanos, etc.) que xeneran cando arden.

Os cementos son unha fonte de contaminación das vivendas, polo que algúns tipos de cemento son rexeitados nos proxectos de bioconstrución.

Loábel, por tanto, a preocupación dos responsábeis da Conselleria de Meio Ambiente por resolver este problema dos pneumáticos usados. Pero nada máis doado que unir esta preocupación ao interese das cementeiras por aforrar os costes dos combustíbeis tradicionais sustituindoos por resíduos que lle aseguren a mesma combustibilidade e poder calorífico. Para a Empresa a sustitución de parte do carbón de coque, a non menos de 6000 ptas/t, por pneumáticos usados (nun 10% do consumo enerxético, pero que tecnicamente poderia chegar a ser de até un 25%), postos no Oural sen coste algun para a fábrica, ten que ser un negócio interesante. Nada de extraño, pois, que inmediatamente aceptasen a proposta da Conselleria de convertirense en xestores de resíduos para a "*valorización*" de pneumáticos usados.

E a preocupación pola contaminación atmosférica ou pola posíbel contaminación da auga por metais pesados, dioxinas, furanos, etc? E a preocupación pola saúde? Ningun problema: coma en tantos outros casos, chega cun Estudo de efectos ambientais feito por encargo da empresa para facer desaparecer calquer indício de contaminación, os metais pesados incorporados ao clinker e as dioxinas nas altas temperaturas do forno. E se aínda asi contínua a preocupación? Chega con prometer que se van facer análises anuais, mensuais, semanais ou diários de dioxinas, aínda sabendo que se trata de mostras difíciles de realizar e de análises moi costosos e complexos só ao alcance dun laboratório en todo o Estado. En último lugar, a empresa sempre pode recorrer ao argumento científico de que os veciños están a ser manipulados polos ecoloxistas e aliados con fins político-electorais. Que preocupación polo OURAL se nos EE.UU e en toda Europa se veñen queimando dende hai moito tempo?

E a legalidade? Como adaptar esta incineración de pneumáticos ao disposto na citada Directiva 2000/76? Tampouco ningún problema: aínda non está en vigor e, cando o estexa, os veciños poden denunciar se consideran que a empresa non cumple coa lexislación vixente. Mentres tanto, a autorización da Conselleria só lle exixe o indicado na lei de contaminación atmosférica do ano 1972, como se nada tivese cambiado desde entón.

ALTERNATIVAS Á INCINERACIÓN

A lexislación actual insiste continuamente en reducir, reutilizar, reciclar, reutilizar materiais (por esta orde) antes que en valorizar enerxeticamente (queimar ou incinerar); insisten nisto a Directiva da Unión Europea 2000/76 sobre incineración de resíduos, a 1999/31 sobre vertedoiros e a 2000/53 sobre veículos usados ao fin da sua vida útil, ao igual que o actual borrador do Plan Estatal de Pneumáticos Usados.

É posíbel alargar a vida útil dos pneumáticos; é posíbel aumentar o uso de recauchutados e é posibel reciclar o caucho usado. Por exemplo, reducidos a polvo, os pneumáticos usados son un excelente aditivo no asfalto das estradas, mellorando as suas propiedades (maior duración da capa asfáltica, maior duración dos pneumáticos, menos ruídos, maior aderéncia, menor persisténcia do xeo, etc). Hai tempo que se sabe e hai plantas recicladoras traballando xa niso).

Existen alternativas á incineración, e por iso non resulta doado entender que a Xunta empece optando pola incineración cando, dende a mesma ONU e dende a Unión Europea medra a preocupación polas dioxinas e os contaminantes orgánicos persistentes, e se insta en evitar a sua produción. Ou sexa unha incineración tamén fora de tempo.

A LOITA EN CONTRA DA INCINERACIÓN DE RESÍDUOS

Entre os veciños e os traballadores hai preocupación pola saúde e tamén porque esta incineración de pneumáticos que hoxe se propón poda servir para mañán queimar todo tipo de resíduos tal e como contempla o acordo voluntário que dende o 1.996 teñen suscrito a patronal do Cemento e o Ministério de Indústria e Enerxia: por isto é fundamental conquerir a paralización do proxecto.

Son moitas as accións que os veciños teñen levado xa a cabo (recolleita de sinaturas, elaboración de alegacións, entrevista co Alcalde de Sárria e cos grupos municipais, entrevista co Director Xeral de Calidade Ambiental, entrevista coa empresa, charlas nas parróquias, charlas na vila de Sárria, mocións nos Concellos da Comarca, etc). Neste momento, -mentras esperan pola revisión da Declaración de Efectos Ambientais que prometeu a Dirección Xeral de Calidade Ambiental-, traballan xa na convocatória dunha manifestación para finais de Setembro ou Octubro. O apoio de ADEGA non lles vai faltar.